



**Bos días queridas alumnas de Comoxo:**

**Cada día que pasa estou máis contenta de estar neste cole, encántame todo o que facedes, como ledes, como traballades cos policubos e as regletas, como desfrutades de todos os libros que tedes na biblioteca; sodes estupendas. Agora ben, algo que me gustou moitísimo e que fixestes xenial foi o mural do outono e que bonito queda aí fóra.**

**A profe Lorena xa vos contou que hai árbores de folla perenne e árbores de folla caduca, confesareivos que a min as que máis me gustan son as miñas irmáns de folla caduca porque en cada estación mudan dunha forma diferente, mais no inverno sei ben que pasan algo de frío sen ningunha folla.**

**Hoxe traio para vós algo moi especial, a miña canción favorita do outono, pero teño un problemiña; a canción está en castelán e a min encantaríame escoitala en galego. Por esta razón acudo a vós, encantaríame escoitarvos cantar esta canción en galego e tocar algún instrumento mentres a cantades. A profe Lorena díxome que sodes nenas super traballadoras e que esta misión a poderedes facer sen problema.**

**Polo tanto non me lio máis, déixovos ensaiar; e recordade pasalo sempre moi ben.**

**Unha aperta enorme a árbore das historias.**